



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMARIÑAS

*Modificación puntual nº 1 do plan xeral de ordenación municipal*

#### **ANUNCIO POLO QUE SE PROCEDE Á PUBLICACIÓN DA NORMATIVA E AS ORDENANZAS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMARIÑAS**

Aprobada definitivamente a Modificación Puntual número 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas, por Orde do 20 de xullo de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG, núm. 155 de data 17 de agosto de 2022), procédese en cumprimento da devandita Orde e do establecido no art. 70.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o art. 82 e 88.4 da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á publicación da normativa e ordenanzas da devandita Modificación Puntual do Plan Xeral.

O contido integro do Plan queda a disposición do público na sede electrónica do Concello de Camariñas, <https://sede.camarinas.net> así como no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

#### **ANEXO:**

**Modificación Puntual nº:1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas (A Coruña).**

#### **1. MEMORIA DE ORDENACIÓN**

##### **1.1.INTRODUCCIÓN**

O presente documento, denominado “Modificación Puntual nº 1 do PX.O.M. do Concello de Camariñas (A Coruña)” (en diante MP1) redáctase a petición e por encargo do dito Concello, coa finalidade de levar a cabo unha serie de axustes na normativa sobre o documento do plan xeral aprobado definitivamente en data de 26/12/2012.

A primeira fase correspondeuse co documento de Aprobación Inicial, dado que non é necesario o informe vinculante da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas (CMATI) en atención ao disposto nos artigos 84, 85 e 93, logo de que o órgano ambiental en data 5 de maio de 2014 acordase o non sometemento da Modificación Puntual nº:1 do PXOM do Concello de Camariñas ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) establecido pola lexislación de avaliación ambiental.

Tras a aprobación inicial do documento polo Pleno do Concello en data 28 novembro de 2014, e tras o correspondente periodo de exposición ao público e a solicitude dos preceptivos informes sectoriais, confeccionase o presente documento para a súa aprobación provisional polo Concello e definitiva pola Xunta de Galicia.

##### **1.2. PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN**

De acordo co disposto na D.T. 2ª.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro so Solo de Galicia, séguense as normas procedimentais da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, (coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 do 29 de Decembro; pola Lei 6/2007 do 11 de Maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; pola Lei 3/2008, de Maio, de ordenación da minaría de Galicia; pola Lei 6/2008, do 19 de Xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; pola Lei 18/2008, do 29 de Decembro, de vivenda de Galicia; e pola Lei 2/2010, do 25 de Marzo -entre outras-) no sucesivo LOUG, sendo que, segundo o disposto no artigo 93.4 LOUG, compre suxeitarse ás mesmas disposicións establecidas para a tramitación e aprobación do planeamento xeral que agora se modifica, pero dado que na presente MP non se da nin a reclasificación do solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin se alteran os sistemas xerais non se precisou obter o informe previo á aprobación inicial. Así pois no caso de non haber necesidade de sometemento ao procedemento da Avaliación Ambiental Estratéxica a tramitación sería a recollida no artigo 85 da LOUG, coas precisións indicadas:

Como primeiro paso o órgano promotor, que neste caso é o concello, elaborou un documento de inicio que enviou á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas (CMATI) dado que se trata do órgano ambiental, co obxectivo de que este último acorde o sometemento ou non da modificación puntual ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE). Tal e como se acaba de sinalar en data 5 de maio de 2014 a CMATI acorda o non sometemento da modificación proposta ao procedemento de AAE, todo elo segundo o procedemento recollido no artigo 84,4 e 84,5 da LOUG.

Unha vez rematada a fase de elaboración da modificación, e antes da súa aprobación inicial, os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da súa conformidade coa lexislación vixente e calidade técnica da ordenación proxectada.

A continuación do anterior, o concello procedeu á súa aprobación inicial o 28 de novembro de 2014 e seguidamente toda a documentación do expediente tramitado da modificación puntual someteuse ao trámite de información pública, durante dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia número 246, de 24 de decembro de 2014 e en dous dos xornais de maior circulación na provincia.

Simultaneamente ó trámite de información pública, a Administración municipal solicitou ás administracións públicas competentes os informes sectoriais necesarios, que, como norma xeral, deberan ser emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

Cumpridos os trámites sinalados nos apartados precedentes, redáctase o presente documento para que o Pleno do Concello aprobe provisionalmente o contido da modificación do plan coas modificacións pertinentes e sometelo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ó órgano autonómico competente que deba outorgala aprobación definitiva, neste caso a C.M.A.T.V., en virtude do disposto polo que respectaría ao ámbito competencial nos artigos 60.16 e 61 da Ley 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, por aplicación da D.T. 2ª LSG.

A consellería, no prazo de un mes, examinará a integridade do proxecto da modificación puntual e de apreciarse algunha deficiencia, requerirá a súa enmenda. Ata o cumprimento efectivo do requerimento non comenzará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.

A consellería, no prazo de tres meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

- a) Aprobar definitivamente a M.P. nos mesmos termos en que se formula.
- b) Aprobar definitivamente a M.P. do plan coas condicións precisas e determinadas que se estimen necesarias para subsanar as deficiencias que presente o documento, derivadas dos extremos da súa competencia.
- c) Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten a áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo de elas, o planeamiento poda aplicarse con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando de aplicación nesas áreas o réxime contemplado no artigo 89 LSG.
- d) Non outorgar a aprobación definitiva.

### 1.3. EQUIPO REDACTOR

A presente modificación comezou a redactarse polo equipo da empresa Consultora Galega S.L. no que participaron os seguintes profesionais:

#### Dirección:

Xoán Carlos PORTELA REGODESEVES. Arquitecto-Urbanista.

Andrés PINO MORENO. Arquitecto-Urbanista.

Maribel GONZÁLEZ LOJO. Licenciada en Socioloxía.

#### Equipo técnico:

Diego RODRÍGUEZ ENRÍQUEZ. Arquitecto.

Juan B. RODRÍGUEZ GARCÍA. Arquitecto.

Miguel Barreiro García. Licenciado en Xeografía.

Brais PENELA SAN LUIS. Técnico Superior en Proxectos de Urbanización e Topografía.

Xulio MARTÍNEZ SECO. Deliñante proxectista.

#### Edición:

Rosa Mª CASTRO VAZQUEZ. Administrativa.

Tras a finalización do prazo de información pública, o equipo redactor que elaborara o documento para a aprobación inicial entrou en liquidación, continuando nas labores de redacción o que agora o suscribe e desde xuño de 2018, "CALIXTO ESCARIZ, S.L.U." composto polos seguintes membros:

- **Director xurídico:**
  - o Calixto Escariz Vázquez. Avogado

- **Director técnico:**
  - o Diego Rodríguez Enríquez. Arquitecto
- **Equipo técnico:**
  - o Patricia Nespereira Sáez. Arquitecta
  - o Jorge Dacosta Tapia. Enx.Camiños, canais e portos
  - o Belén Romero López. Avogada
  - o Eva Comesaña Bastero. Avogada
  - o Jesús Barreiro Varela. Avogado
  - o Marina Otero Bouzada. Licenciada en Economía.

#### 1.4. DATOS INFORMATIVOS BÁSICOS

Logo da aprobación definitiva do PXOM de Camariñas, puxéronse de manifesto diversas cuestións relativas á necesidade de realizar pequenos cambios que permitan ao instrumento de ordenación municipal, tanto adaptarse a novos usos e necesidades de servizo como corrixir pequenas imprecisións normativas que se atopan no documento actual, pois a súa redacción actual podería, en certos casos, supor un agravio comparativo co resto dos cidadáns no que respecta aos dereitos e obrigas que o marco lexislativo autonómico e o ordenamento municipal establece para os seus administrados.

Os cambios que formula a presente M.P nº:1 do PXOM de Camariñas corresponderíanse con axustes puntuais no texto articulado da Normativa Urbanística.

##### 1.4.1. DESCRICIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

Dado que se trata só dunha modificación normativa, sen cambios nos planos de ordenación e sen novas actuacións, non hai un ámbito territorial definido, por tanto faremos unha descrición xeral do ámbito municipal. Por esta mesma razón non é necesaria a realización de planos para o presente documento.

Situado na Costa da Morte, encadrado nunha comarca que participa tanto da Galicia Litoral coma do interior, a terra de Soneira (integrada ademais polos concellos de Vimianzo e Zas), aos que habería que engadir os de Cabana e Laxe de cara a unha mellor concreción xeográfica, o concello de Camariñas comprende un territorio de dimensións notoriamente menores á media da comarca (5.185 Has), con fasquía enteiramente litoral, aínda que diferenciada entre o mar aberto (do que ten unha das mostras máis esgrevias de toda a costa galega) e o mar-ría-río (a ría de Camariñas-río Grande), que lle fai de lindeiro meridional.

Xeoloxicamente é un concello pétreo, adscrito ao dominio migmatítico e de rochas graníticas, ao que Parga Pondal alcuñou co nome de "Grupo de Laxe". As planicies aluviais do Cuaternario son cativas e teñen importancia case exclusivamente na parroquia de Xaviña.

Fóra do Río Grande ou Río do Porto, o sistema hídrico municipal só conta con pequenos regatos de pequeno percorrido e mínimo caudal.

A cuarta parte dos solos ten unha capacidade agrolóxica aceptable. Deles, un 25 % son extraordinariamente acaídos para o cultivo.

Climaticamente, Camariñas é un territorio con pluviometría máis alta que outros concellos da comarca, (1.300-1.400 mm. anuais) pero inferior á dos concellos do interior atlántico. As temperaturas son mornas (13-14° C de T.M. anual); o período libre de xeadas (0° C) excede os 300 en todo o territorio.

Os usos do solo distribúense da seguinte maneira: cultivos (840 Ha); mato arborado (625 Ha); monte arborado (3.190 Ha.); terreos improdutos (260 Ha.). O resto correspóndese cos usos propios dos núcleos de poboación (urbanos e rurais), nos que tamén aparecen usos agrarios coma complementarios (hortas).

Pero, Camariñas tamén vive dun territorio que non é administrativamente seu: o mar, co que linda en máis do 50 % das estremeiras. É esa vocación mariñeira do territorio e das súas xentes a que o determina de xeito primario. Camariñas presenta a súa costa máis occidental dentro da proposta galega á Rede Europea Natura 2000, definíndose como ZEPA (zona de especial de protección de aves, con data de declaración o 19 de xuño do 2003, ZEPA ES0000176) e como LIC (lugar de interese comunitario, con código ES1110005). Este LIC abrangue arredor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) correspóndese con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sueste de cabo Fisterra, no tramo Camariñas- Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe.

A súa posición costeira, a calidade e recoñecemento dos seus produtos mariños e agrarios; o rico e diverso patrimonio cultural (petróglicos, muíños, fontes, lavadoiros, casas, castros, fortificacións, etc.), xunto cun importante e valioso patri-

monio natural e paisaxístico que ten o seu máximo fito no tramo de costa, coñecido os seus valores naturais mediante a inclusión dentro da Rede Natura coa denominación de LIC e ZEPA Costa da Morte que comparte co resto dos concellos veciños, fan de Camariñas un concello de excepciónais condicións para o turismo.

#### 1.4.2. POBOACIÓN, ACTIVIDADES E USOS DO TERRITORIO.

A estrutura territorial de Camariñas baséase na existencia de catro parroquias: Camariñas, Camelle, Ponte do Porto e Xaviña. As tres primeiras dispoñen todas elas de asentamentos urbanos, salientando sobre os demais: os de Camariñas, Camelle<sup>1</sup> e Ponte do Porto, respectivamente. En Xaviña non existe, falando con propiedade, ningún asentamento vilego. Velaí a razón de que nesta parroquia o número de entidades de poboación sexa máis elevado (en 1991, o 42 % do total municipal). Os asentamentos vilegos polarizantes acollen, case a tres de cada catro habitantes do concello e a máis do 90 % de usos urbanos da edificación distintos ao residencial.

Todos os núcleos rurais teñen un inequívoco carácter tradicional, aínda agora, cando as edificacións que se van inzando no seu interior xa non teñen o carácter agropecuario de outrora.

A expansión recente da edificación en moitos núcleos, especialmente en Camariñas e Xaviña levou a unha redución fáctica do número de entidades, reducións que, xa veñen recollidas nos Nomenclátor.

Concentrada a poboación urbana en tres das catro parroquias camariñáns, o medio urbano, en todos os casos ofrende coma característica máis acusada unha relativa anarquía, produto de teren experimentado as vilas uns procesos espontáneos de expansión, tanto sobre o terreo coma cara arriba (en altura), que teñen provocado efectos e mantido expectativas moi negativas. Segue a darse unha relativa diversidade de usos no espazo urbano, e isto é un dato positivo.

Os niveis de infraestruturas son aceptables, coma tamén sucede co nivel de equipamentos. Non sucede isto, porén, no caso das dotacións de espazos públicos (libres e zonas verdes), pois practicamente en ningún caso se previu a súa existencia en ningún dos procesos da expansión espontánea, especulativa, e -nalgúns casos- brutal que se ten producido.

A evolución do parque edificado é espectacular, un 243 % no período 1970-2001, ritmo superior ao comarcal nun 73 % e ao provincial nun 56 %. Ese crecemento aínda é maior nas zonas urbanas.

Camariñas ten hoxe en día un 67 % máis de poboación que en 1900. A comarca só medrou un 17 %. Nos últimos trinta anos a demografía presenta oscilacións, pero cunha tendencia positiva; porén o único sector dinámico é o da poboación potencialmente activa. A xente nova só supón o 17 % (tería que superar o 25 %), e os vellos sitúanse no 22 % (cando non deberían supoñer máis alá do 12 %).

A taxa de actividade sitúase no 44,86 %. A taxa de paro era moi alta ata hai catro anos. Hoxe aínda que superior á media galega xa se sitúa en porcentaxes menos dramáticas. O sector primario emprega ao 31,8

% dos activos (repartido entre agricultura e pesca), o secundario dá emprego ao 35,2 % (incluídos aquí os activos da construción); e o 33 % restante ocúpase nos servizos. Un 67 % dos activos son asalariados; un 27 % autónomos e un 5 %, empresarios.

A poboación inactiva aquí, en Camariñas, non reflicte a realidade laboral de xeito nido, xa que baixo a epígrafe de “labores da casa”, agóchase a práctica totalidade das palilleiras, oficio e labor artesán de grande significación económica e social no concello. O 73 % dos “inactivos” son mulleres.

Os niveis de renda da poboación camariñán son superiores aos do resto da comarca, seguramente, pola súa maior diversidade produtiva.

O agro, a pesca, a industria -sobre todo a construción e a conserva-, a artesanía (encaixe) e un sector servizos en expansión son as actividades que se desenvolven basicamente en Camariñas.

#### 1.5. PLANEAMENTO VIXENTE. ANTECEDENTES URBANÍSTICOS XERAIS.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Camariñas (en diante PXOM) foi aprobado definitivamente o 26/12/2012, tendo superado todo o proceso de avaliación ambiental de plans e programas segundo a Lei 9/2006, de 28 de abril.

No concello de Camariñas a historia do planeamento urbanístico xeral pódese resumir nos seguintes episodios:

- 29 de xaneiro do 1981; Aprobación definitiva da Delimitación de Solo Urbano.
- A día de hoxe, está en vigor o PXOM de 2012, que será obxecto da presente Modificación Puntual.

Esta que é a historia dun único concello, reflicte o panorama das últimas décadas do urbanismo en Galicia, onde só moi lentamente se consegue ir dotando ao territorio dunha ordenación urbanística moderna aínda que teñan existido os recursos para elo. Un dos feitos, aínda que non o único, que ten lastrado a tramitación, e por elo con maior incidencia no

1 Na parroquia de Camelle existen dous núcleos urbanos (Camelle e Arou)

resultado final do que se aproba, son tanto as continuas modificacións da Lei do Solo como diversos informes sectoriais que son moi difíciles de acomodar dentro do ordenamento municipal, moitas veces polos escasos medios con que contan as administracións municipais, por tanto o ter aprobado un PXOM é un importante logro que ten que durar moitos anos.

Así pois logo dunha longa tramitación do PXOM, xa que comezou como unhas Normas Subsidiarias antes da Lei 1/97 do Solo de Galicia iniciada na década dos 90 e rematada en 2012, cunha documentación do PXOM bastante profusa en datos e planos, onde se teñen detectado algúns erros e cuestións que é preciso aclarar, fan que xa tras algo máis de un ano dende a aprobación definitiva do PXOM se manifestase a necesidade de iniciar a elaboración de unha modificación puntual comezándose coa mesma e actualizándose a data actual para facer do instrumento de ordenación unha ferramenta máis actualizada, eficaz e eficiente na súa labor de eixo do desenvolvemento sostible dos habitantes do concello.

O presente documento, denominado “Modificación Puntual nº 1 do PX.O.M. do Concello de Camariñas (A Coruña)” redáctase a petición e por encargo do dito Concello, co gallo de corrixir certos erros detectados no documento vixente.

### 1.5.1. OS CAMBIOS PROPOSTOS.

Neste apartado describírase cales son os cambios que se pretenden realizar na ordenación do PXOM vixente.

Os cambios que formula a presente M.P nº 1 no texto articulado na Normativa Urbanística do PXOM de Camariñas corresponderíanse cos seguintes apartados:

1. Regular con maior flexibilidade o parámetro de fondo mínimo de parcela da ordenanza 1.
2. Permitir o uso residencial de categoría 1º en ordenanza 1, en actuacións sobre edificios existentes e novas licenzas.
3. Resolver o erro detectado a respecto da unidade de medida da pendente de cuberta dos NNRR de 40% a 40º.
4. Adaptar as condicións dos peches en solo rústico.
5. Aclarar mellor a independencia do espazo baixo cuberta a respecto da planta inferior.
6. Resolver erros detectados no cadro de compatibilidades de uso industrial a respecto dos niveis de ruído admisibles.
7. Resolver erros detectados no cadro resume de usos.
8. Actualizar a normativa sectorial de referencia en materia de costas á vixente.

Os cambios normativos non implican unha variación na clasificación do solo, nin tan sequera da modificación de intensidades ou usos xa que o que se busca, como xa se comentou, é aclarar certas definicións e acadar un xeito de aplicar as determinacións máis preciso, evitando que se teña que interpretar de xeito subxectivo a norma co cal se podería incorrer en erros, ou chegarse a situacións non desexadas, opostas ao que o propio PXOM desexa acadar.

### 1.6. RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A MODIFICACIÓN.

Logo da aprobación definitiva do PXOM de Camariñas, puxéronse de manifesto diversas cuestións relativas á necesidade de realizar pequenos cambios que permitan ao instrumento de ordenación municipal, tanto adaptarse a novos usos e necesidades de servizo actuáis como corrixir pequenas imprecisións normativas que se atopan no documento actual.

As principais razóns da elaboración da presente Modificación Puntual son as de acadar un documento normativo claro, polo cal é preciso aclarar e incluso incorporar certas cuestións recollidas na normativa cuxa interpretación pode chegar a non ser precisa, e polo tanto suscitar controversias dependendo de que a interpretación sexa unha ou outra.

### 1.7. OBXECTIVOS E CRITERIOS QUE INFORMAN A PRESENTE MODIFICACIÓN.

O marco legislativo autonómico ao que se remite o PXOM de Camariñas e que forma parte integrante do mesmo está constituído pola Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas posteriores modificacións, que no sucesivo denominaremos como LOUG. De acordo coa D.T. 1ª.1 da Ley 2/2016, do Solo de Galicia, o planeamento anterior á mesma, adaptado á LOUG, aplicarase íntegramente, xunto co artigo 68 da LSG para o solo urbanizable non delimitado, quedando exceptuado de dita aplicación íntegra as edificacións tradicionais en solo de núcleo rural e áreas de expansión ás que lle será de aplicación o disposto no artigo 40 da LSG, así como o solo rústico, ao que lle será de aplicación o disposto na LSG.

Tanto a LOUG no seu artigo 4 coma a vixente LSG no seu artigo 5, recollen con unha semellante redacción, os fins da actividade urbanística en desenvolvemento dos principios enunciados nos artigos 45, 46, e 47 da Constitución, e as cuestións de corrección ou incorporación na M.P que se formula, antes ao amparo da LOUG e tras a entrada en vigor da LSG de acordo coas determinacións de esta en virtude do disposto na súa D.T. 2ª.2, fan súa a necesidade de contribuír a acadar eses obxectivos e ademais desenvolve os seguintes obxectivos complementarios cos anteriores:

- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do Concello de Camariñas, consolidando a aposta polas novas actividades e facilitando a súa implantación, que melloran as condicións de vida dos seus habitantes e



poñen en valor e complementan as actividades xa existentes, de xeito que fiquen dentro do ámbito municipal xerando ademais deste xeito emprego tanto directo como indirecto.

- Mellora na ordenación dos distintos núcleos rurais, recoñecendo e adaptando as súas determinacións as realidades e as limitacións lexislativas xerais nestes espazos, eliminando deste xeito situacións que nalgúns casos poderían supor un agravio comparativo por darse un tratamento aparentemente diferente a espazos das mesmas características.
- Aclaración e simplificación de trámites administrativos que permitan unha implantación máis doada de dotacións e servizos tanto pública como privada, eliminando imprecisións e trabas que diminúen a posibilidade dun normal funcionamento no control, xestión e fomento da actividade diaria dos administrados o cal redundará na mellora da calidade de vida e cohesión social do municipio.
- Subsanación de pequenos erros documentais detectados no PXOM dende a súa posta en marcha para acadar un instrumento de ordenación o máis claro e eficiente posible.
- O establecemento dun réxime urbanístico xusto e equitativo, no que tódolos cidadáns se sintan acollidos e salvagardados, sendo esta participación da sociedade nas normas que regulan a convivencia, a que garante un maior grao de cumprimento e menor conflictividade.
- Afondar no proceso de mellora do ordenamento municipal considerando a este non como un elemento fixo e inamovible, o que se traduciría nunha irreversible obsolescencia no curto e medio prazo do mesmo, senón plantexando como un documento vivo que precisa actualizarse periodicamente, aínda que sexa de forma moi localizada, para acadar os sempre necesarios obxectivos de eficacia e eficiencia que se demandan deste tipo de ferramentas da acción pública.
- Actualizar a normativa sectorial de costas recollida no apartado 1.7 das Normas Urbanísticas de acordo co informe da Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 07/01/2015, para substituír o derogado Real Decreto 1471/1989 polo vixente Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, sen deixar de ter en conta que a aplicación da M.P afecta a todo o ámbito do municipio no que seguen a aplicar as limitacións da Lei de Costas con respecto a o uso e dominio daqueles solos afectados polas determinacións da mesma e tendo presente que o termo municipal se atopa afectado polos seguintes expedientes de deslinde: DL-128/2-LC, aprobado por O.M. de 24 de marzo de 1999; DL-216-LC, aprobado por O.M. de 25 de febreiro de 2009; DES01/08/15/0004, aprobado por O.M. de 22 de xaneiro de 2020; Porto de Camariñas, en tramitación.

En resumo: a modificación do PXOM trata de dar resposta a unha serie de requirimentos moi localizados, cuxa resolución redundará tanto na mellora da eficacia do uso do propio instrumento de ordenación municipal como en posibilitar unha maior asunción das súas determinacións, interiorización dos seus preceptos e satisfacción por parte dos seus administrados, todo elo permitindo posibilitando unha mellor regulación das actividades existentes ou que eventualmente se podan implantar no territorio, e todo elo sen que a acaída protección do medio ambiente, o patrimonio e os recursos que é un dos obxectivos principais do PXOM se vexa comprometido.

Estes obxectivos, ao momento de aprobarse inicialmente a M.P, cumprían practicamente tódalas posibilidades que a LOUG, norma aplicable nese momento, citaba no seu Art. 94.1 como fundamentos para as modificacións do planeamento urbanístico, sendo que, do mesmo xeito, cumpren agora tamén as determinacións dispostas no vixente artigo 83 da LSG, relativo á modificación do planeamento urbanístico, aplicable en virtude do disposto na D.T. 2ª 2 da LSG.

En resume, os obxectivos desta modificación incardínanse na mellora da calidade de vida da poboación de Camariñas, obxectivo básico do planeamento urbanístico.

### **1.8. AS ESIXENCIAS DA LEXISLACION URBANISTICA PARA A MODIFICACIÓN DO PLANEAMENTO.**

A concordancia de razóns xustificativas para a conveniencia e realización da M.P era practicamente total respecto das que se establecían no artigo 94.1 da LOUG, cando se procedeu á aprobación inicial do documento, sen que fosen de aplicación os apartados 3 e 4, por non producirse incremento da intesidade de uso nin afectar a zonas verdes ou espazos libres públicos, nin o art. 95 por non modificarse solo clasificado como rústico.

De igual xeito, ditas razón xustificativas seguen a ser concordantes coas dispostas no vixente artigo 83 da LSG, de aplicación á presente M.P nas súas determinacións en virtude da D.T. 2ª.2 LSG:

- Mellora da ordenación urbanística vixente.
- Mellora da redacción da normativa urbanística co gallo de aclarar e clarificar certos aspectos que poden orixinar interpretacións erróneas, así como incorporar certos usos habituais pero que actualmente se teñen que deducir ou asimilar a outros semellantes.
- Outros fins públicos.

Esta concordancia pode dar unha idea da importancia desta actuación, que redundará en beneficio público, pois contempla todos aqueles fundamentos que o lexislador ten interpretado como razóns xustificadas para a modificación do planeamento, podendo engadir neste caso outras razóns non contempladas, como xa se ten apuntado denantes.

### **1.9. XUSTIFICACIÓN DA MP 1 DO PXOM CON RESPECTO AS DISTINTAS LEIS SECTORIAIS.**

A actual modificación puntual non supón cambios que poidamos detectar en ningún ámbito afectado pola lexislación sectorial aplicable.

### **1.10. ORDENACIÓN MODIFICADA. PROPOSTA DE PLANEAMENTO.**

A principal figura de planeamento existente na actualidade é o PX.O.M do Concello de Camariñas, que ordena todo o termo municipal. Foi aprobado definitivamente o 26/12/2012.

Así pois de xeito resumido poderíase dicir que as orixes da problemática a responder debeñen de que logo do tempo transcorridonde a aprobación definitiva do PXOM de Camariñas, puxéronse de manifesto diversas cuestións relativas á necesidade de adaptarse a novos usos e necesidades de servizo e para corrixir algúns erros que se teñen detectado e pequenas imprecisións normativas que se atopan no documento actual que é preciso aclarar.

O alcance da Modificación Puntual nº:1 do PXOM de Camariñas afectará única e exclusivamente aos parámetros normativos que se varían, que implicarán pequenas correccións nalgúns parámetros edificatorios nos seus ámbitos concretos de actuación en que serían aplicables, neste caso afecta a unha serie moi limitada de parámetros aplicables que se varían lixeiramente en solo de núcleo rural, en solo rústico e nalgunha ordenanza ou zona moi concreta de solo urbano.

Os efectos esperados nunha actuación tan limitada como a que persegue a presente modificación non son de moita incidencia (practicamente ningunha se as comparamos coas condicións aplicables antes da modificación) nos que están relacionados co medio ambiente e os recursos naturais porque non se preveen novas actuacións que non estivesen xa previstas e ademais tratase de pequenos axustes de parámetros xa permitidos, e os efectos en outros aspectos menores (aínda que non hai variacións a respecto da situación previa a modificación, polo tanto non son novos efectos) son moi limitados (dada a escasa entidade da modificación) en determinados aspectos durante a construción dos edificios e servizos necesarios na materialización xeral do PXOM.

Por tanto, a presente Modificación Puntual nº:1 pretende levar a cabo certos axustes e correccións na normativa urbanística, onde se ten detectado que é conveniente facer algunhas precisións sobre o documento actual.

Os cambios que formula a presente M.P nº 1 no texto articulado na Normativa Urbanística do PXOM de Camariñas corresponderíanse cos seguintes apartados:

1. No que respecta a regular con maior flexibilidade o parámetro de fondo mínimo de parcela da ordenanza 1, o que se trata é de flexibilizar a implantación de novas edificacións sen excesivas limitacións que xeneran problemas en moitos dos casos, e será preciso para elo modificar os apartados “Fondo edificable” e “Fondo mínimo da parcela” do punto 3 do artigo “6.2.2. ORDENANZA 1 DE EDIFICACIÓN INTENSIVA EN CUARTEIRÓN OU “MANZANA” (EC).” da Normativa do PXOM (art. 2.6.1. da Normativa publicada no BOP).
2. A respecto de permitir o uso residencial de categoría 1ª en ordenanza 1, en actuacións sobre edificios existentes e novas licenzas, o que se trata é de flexibilizar tanto a existencia de edificacións deste tipo como a implantación de novas edificacións sen limitacións para este uso perfectamente compatible nunha vila como esta, evitando innecesarias situacións de fóra de ordenación, sendo preciso para elo modificar o punto 4 do apartado “6.2.2. ORDENANZA 1 DE EDIFICACIÓN INTENSIVA EN CUARTEIRÓN OU “MANZANA” (EC).” da Normativa do PXOM.
3. No que respecta á cambiar a pendente de cuberta dos NNRR de 40% a 40°, dado que era un erro tipográfico a unidade de medida contemplada no PXOM (% en lugar de °) sendo a tipoloxía das pendentes de cuberta predominante na zona de 40°, será preciso modificar o punto “Cubertas e aproveitamento baixo cuberta” do apartado “7.2.2. CONDICIÓN XERAIS DE ORDENACIÓN E EDIFICACIÓN.” da Normativa do PXOM.
4. No que respecta á cambiar os peches en solo rústico, será preciso modificar o punto B.3 do apartado “4.2.4. CERRAMENTOS E PECHES DE PARCELAS.” e o punto 2 do apartado “5.4.13. PECHES DE PARCELAS E SOARES.” da Normativa do PXOM, adaptándoo ás determinacións da LSG.
5. No que respecta á aclarar mellor a independencia das vivendas no espazo baixo cuberta a respecto da planta inferior, porque a redacción da normativa suscita dúbidas a respecto desta posibilidade perfectamente factible, é preciso modificar o punto - Planta baixo cuberta do apartado “4.3.3. PLANTAS DA EDIFICACIÓN.” da Normativa do PXOM.
6. No que respecta á resolver diversos erros detectados no cadro de compatibilidades de uso industrial a respecto dos niveis de ruído admisibles e a densidade de potencia, será preciso para elo modificar o cadro de compatibilidades do punto 2 do apartado “4.4.11. USO INDUSTRIAL.” da Normativa do PXOM.

7. No que respecta á resolver diversos erros detectados no cadro resume de usos a respecto das definicións detalladas do apartado correspondente ao uso dotacional educación, será preciso para elo modificar a definición destas categorías 1ª e 2ª do apartado 5 correspondente ao uso dotacional no cadro de usos do apartado “4.8.7. ESTRUCTURA XERAL DE USOS.” da Normativa do PXOM.

8. Na normativa sectorial de referencia, recollida no apartado 1.7 das Normas Urbanísticas do PX.O.M. de Camariñas, o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio ambiente, Terriotrio e Infraestructuras, de data 07/01/2015, informa da necesidade de actualizar a normative sectorial de costas, polo que, atopándose derogado o Real Decreto 1471/1989 desde o 12/10/14, corríxese esta referencia substituíndoa pola relativa ao vixente Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

## 2. CAMBIOS NA NORMATIVA URBANÍSTICA

### 2.1. CAMBIOS NA NORMATIVA URBANÍSTICA DO P.X.O.M.

A presente modificación puntual inclúe unha serie de axustes na normativa urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Camariñas, nuns casos co obxectivo de actualizar, precisar, aclarar ou corrixir aspectos da regulación existente e noutros para unha mellor adaptación á lexislación urbanística.

#### 2.1.1. Modificacións para regular con maior flexibilidade o fondo mínimo da ordenanza 1.

Aos efectos de regular con maior flexibilidade o parámetro de fondo mínimo de parcela da ordenanza 1, será preciso modificar os apartados “Fondo edificable” e “Fondo mínimo da parcela” do punto 3 do artigo “6.2.2. ORDENANZA 1 DE EDIFICACIÓN INTENSIVA EN CUARTEIRÓN OU “MANZANA” (EC).” Da Normativa do PXOM, que quedan redactados como segue:

##### - Fondo edificable:


Agás que figure outro distinto, nos planos, fíxase coma fondo máximo o de 14 metros.

Nas couzadas con patio permitirase, sempre que sexa posible, a prolongación da planta baixa cara ao interior da parcela, ata un máximo de 20 m. dende a aliñación exterior, só nos casos de rúes pechados onde todo o cuarteirón dispoña da mesma ordenanza e se permita a edificación continua en todo o perímetro, é dicir, que se manteña oculto dende a rúa o patio de cuarteirón.

No caso excepcional de que por razóns do uso a desenvolver nunha parcela de equipamento dentro do ámbito da presente ordenanza sexa imprescindible acadar ese fondo edificable de 20 m. en planta baixa (aínda sen cumprir todas esas condicións citadas no parágrafo anterior) poderase admitir ese fondo, sempre que esa prolongación en planta baixa se acaroe a un solo lateral da parcela (debendo recuarse polo menos 3 m. no lindeiro oposto), e que se lle de tratamento de fachada a ese paramento cara ao lindeiro acaroadado (aínda que non se poderán abrir ocos nese linde). Neste caso excepcional (e só unha vez que este xa materializado o equipamento nas condicións indicadas) permitirase tamén na parcela lateral (só no lateral en que se acaroe o equipamento) a prolongación da planta baixa nesa parcela ata o mesmo fondo que materialice o equipamento (debendo recuarse, polo menos, 3 m. no lindeiro oposto).

Deberanse cumprir, en calquera caso, ademais das anteriores, as seguintes condicións:

- a) A altura máxima medida dende a rasante natural do terreo no extremo posterior da planta baixa que rebase o fondo edificable, non será superior a vez e media a altura da dita planta baixa, medida na aliñación, tal e coma se reflicte no seguinte gráfico:





- b) O paramento posterior da edificación en planta baixa recibirá tratamento de fachada, ao igual que a fachada posterior das plantas de piso.
- c) Na edificación exenta non se permitirá a prolongación da planta baixa.
- d) Non se permitirá a creación de novas medianeiras que non se poidan ocultar en condicións normais de ordenación das edificacións, e a tal efecto, cando se pretenda achegar a edificación en planta baixa ao fondo permitido de 20 m., non se permitirá o seu achegamento aos lindeiros laterais ou ao fondo agás que xa exista edificación acaroadada ao nivel desa planta na/s parcela/s lindeira/s (e só se poderá arrimar ata ese fondo das edificacións lindeiras no lateral en que existan, no resto deberá recuarse polo menos 2 m. do lindeiro).
- e) Ademais deberase garantir que non se edifique nin sobre rasante nin no subsolo da parcela nunha superficie equivalente ao 20% da súa superficie total, para permitir a recarga natural do terreo polas augas pluviais, polo tanto esa superficie mínima deberá dispor de pavimento altamente permeable, sendo preferible o seu tratamento con terra vexetal ou pavimentos granulares filtrantes. En parcelas non segregadas con posterioridade a aprobación definitiva do presente PXOM en que o espazo existente entre o fondo definido nos planos de ordenación (ou no seu defecto o xenérico de 14 m.) e o fondo da parcela (ou o fondo da ordenanza se é menor que o da parcela) sexa inferior a ese 20% admitirase esa redución sempre que a totalidade dese espazo se dedique a patio con pavimento altamente permeable.
- f) En planta soto permitirase (sempre que sexa posible o cumprimento da condición establecida no parágrafo anterior) a prolongación da edificación baixo rasante cara ao interior da parcela, ata un máximo de 20 m. dende a aliñación exterior, podendo chegar a 25 m. cando existan dificultades para a construción das prazas de garaxe esixidas (sempre que se xustifique debidamente), e sempre que se cumpran o resto das condicións establecidas.

#### - Fondo mínimo da parcela:

Será con carácter xeral aquel que permita edificar o fondo establecido na ordenación sen xenerar novas medianeiras que non poidan ser cubertas no desenvolvemento normal da ordenación establecida (e sempre que na parcela se poida desenvolver polo menos unha vivenda mínima definida nas NHV), por tanto admitiranse as seguintes situacións:

- a) Cando a couzada definida na súa totalidade con esta ordenanza non teña patio de couzada definido pola súa escasa dimensión poderase edificar a totalidade da parcela cos patios interiores precisos para garantir a habitabilidade das vivendas e locais resultantes segundo a lexislación aplicable, e as novas medianeiras creadas ao efecto con parcelas lindeiras non edificadas deberanse tratar con materiais admitidos para as medianeiras asimilables definidas no artigo 4.3.39 da presente normativa.
- b) No caso de que a couzada definida na súa totalidade con esta ordenanza teña definido patio, a parcela deberá ter o fondo mínimo que permita cumprir as condicións xerais establecidas no anterior apartado de Fondo Edificable.
- c) Cando a couzada non está definida na súa totalidade con esta ordenanza ou en zonas de borde con outras clasificacións de solo, nesas zonas lindeiras con outras ordenanzas se poden admitir solucións límite para evitar as medianeiras, como as que se sinalan a continuación:
  1. No caso de parcelas de fondo superior en tódolos seus puntos ao fondo edificable poderase edificar ata os fondos admitidos sempre e cando se acade ou estableza (e se xustifique documentalmente) o dereito legal de luces (sobre as parcelas lindeiras situadas nesa ordenanza distinta colindante) das fachadas resultantes nas zonas lindeiras que non acaden (ata o límite da ordenanza) as distancias mínimas que a eses efectos se establecen no dereito civil. Se nestes casos o espazo existente entre o fondo definido nos planos de ordenación (ou no seu defecto o xenérico de 14 m.) e o fondo da parcela (ou o fondo da ordenanza se é menor que o da parcela) é inferior ao 20% establecido nesta ordenanza para permitir a recarga natural do terreo, admitirase esa redución sempre que a totalidade dese espazo se dedique a patio con pavimento altamente permeable. Tamén serán admisibles as solucións de reconfiguración ou redución do volume edificatorio ao abeiro do artigo 4.3.2 que se citan con mais detalle no punto 2) seguinte.
  2. No caso de parcelas de fondo inferior ao fondo edificable nalgúns dos seus puntos deberán ser anexionadas a parcelas traseiras para ser edificables, agás que esas parcelas traseiras estean xa edificadas nesa linde. Poderanse admitir solucións de reconfiguración ou redución do volume edificatorio dentro da parcela que cumpran as condicións establecidas no artigo 4.3.2, e en todo caso haberá que xustificar que na solución edificatoria final non se crean novas medianeiras (recorrendo se é preciso a redacción dun Estudo de Detalle). Tamén poderase aplicar nestes casos a redución do espazo para permitir a recarga natural do terreo nas condicións sinaladas no punto 1) anterior.

3. No caso de que en distintas partes do fondo da parcela se produzan as dúas situacións citadas nos puntos 1) e 2) anteriores poderanse utilizar ambas solucións respectivamente, pero no caso de que haxa mais de tres alternancias entre distintas partes dentro da mesma parcela.

#### 2.1.2. Modificacións para permitir o uso residencial de categoría 1ª en ordenanza 1.

No que respecta á permitir o uso residencial de categoría 1ª en ordenanza 1, en actuacións sobre edificios existentes e novas licenzas, é preciso para elo modificar o punto 4 do apartado "6.2.2. ORDENANZA 1 DE EDIFICACIÓN INTENSIVA EN CUARTEIRÓN OU "MANZANA" (EC)." da Normativa do PXOM (art. 2.6.1. da Normativa publicada no BOP), que queda redactado como segue:

#### "4. Usos.

Permitiranse os seguintes usos, clases e categorías: RESIDENCIAL. Categorías 1ª, 2ª e 3ª.

HOTELEIRO. Categorías 1ª e 2ª. TERCIARIO XERAL:

- Comercio. Categorías 1ª, 2ª e 3ª.
- Oficinas. Categoría única (5ª).
- Recreativo e Reunión. Categorías 6ª, 7ª, 8ª e 9ª. INDUSTRIAL. Categorías 1ª e 2ª. Situacións A, B e C. DOTACIONAL:
- Educación. Categorías 1ª e 2ª.
- Sociocultural. Categorías 3ª e 4ª.
- Asistencial. Categorías 5ª e 6ª.
- Sanitario. Categorías 7ª e 9ª.
- Deportivo. Categoría 10ª.
- Administración Pública. Categoría única (13ª).
- Relixioso. Categoría única (14ª).
- Funerario. Categorías 15ª e 16ª.
- Servizos Públicos. Categorías 20ª e 21ª GARAXE-APARCADOIRO. Categorías 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. ESPAZOS LIBRES. Todas as categorías. TRANSPORTE E REDE DE COMUNICACIÓN.
- Rede Viaria. Todas as Categorías.
- Servizos públicos. Categorías 5ª e 7ª."

#### 2.1.3. Modificacións da unidade de medida da pendente de cuberta dos núcleos rurais.

No que respecta a resolver o erro detectado a respecto da unidade de medida da pendente de cuberta dos núcleos rurais, de 40% a 40°, será preciso modificar o punto "Cubertas e aproveitamento baixo cuberta" do apartado "7.2.2. CONDICIÓN XERAIS DE ORDENACIÓN E EDIFICACIÓN." da Normativa do PXOM, que queda redactado como segue:

#### "Cubertas e aproveitamento baixo cuberta.

Serán de aplicación as condicións xerais do artigo 4.3.5, salvo as especificidades que se sinalan a continuación:

- Por riba da envolvente máxima que se ten determinado nas condicións xerais do artigo 4.3.5, (coas especificidades que no presente artigo se establecen), incluídos os planos de cubertas, non se permitirán outras construcións que non sexan os elementos de cuberta ou instalacións técnicas (antenas, chemineas, etc.). No caso das edificacións tradicionais existentes permítese manter aqueles elementos tipolóxicos da zona (pinchos en testeiros, etc.) que xa existan na edificación, sempre que sexan de tipoloxía tradicional, aínda que excedan a altura máxima aquí establecida (cun límite de exceso do 25 % da altura máxima establecida).
- A altura máxima do cumio será de 3,60 metros.
- Poderase acadar unha pendente máxima de 40°.
- Non se permiten as cubertas planas.
- No caso de rehabilitación de vivendas tradicionais de baixa altura libre interior permítese (se non están catalogadas, pois neste caso sería preciso un informe de Patrimonio) prolongar o plano de fachada ata 0,50 m. por riba do último forxado, dentro da altura máxima permitida. Se se trata de conxuntos edificatorios homoxéneos só se permitirá se a actuación é conxunta en todas as edificacións.

#### 2.1.4. Modificacións das condicións dos peches no solo rústico.

No que respecta a cambiar os peches en solo rústico, será preciso modificar o punto B.3 do apartado “4.2.4. CERRAMENTOS E PECHES DE PARCELAS.” da Normativa do PXOM, que queda redactado como segue:

“3. No Solo Rústico e no solo urbanizable (mentres non se proceda ao seu desenvolvemento) os cerramentos e valados deberán adaptarse as condicións xerais da LSG. En calquera caso será obrigada a conservación dos muros de pedra tradicionais (que se poderán completar ou ampliar en concordancia co muro orixinal) e do arborado ou vexetación autóctona. En todo caso, sempre que tales cerramentos e valados sexan colindantes co dominio público marítimo-terrestre, deberán de axustarse ao regulado no artigo 47 do Regulamento Xeral de Costas.”

Támén é necesario modificar o punto 2 do apartado “5.4.13. PECHES DE PARCELAS E SOARES.” da Normativa do PXOM, que queda redactado como segue:

2. No Solo Rústico Especialmente Protexido os peches deberán permitir o movemento natural das especies faunísticas.

#### 2.1.5. Modificacións para aclarar mellor a independencia das vivendas no espazo baixo cuberta.

No que respecta á aclarar mellor a independencia das vivendas no espazo baixo cuberta a respecto da planta inferior, é preciso modificar o punto - Planta baixo cuberta do apartado “4.3.3. PLANTAS DA EDIFICACIÓN.” da Normativa do PXOM, que queda redactado como segue:

##### - Planta baixo cuberta.

Considérase como tal a planta que se sitúa por riba do forxado de teito da última planta computable sobre rasante, ou, se é o caso, sobre o forxado do ático, e cuxo espazo se localiza entre o precitado forxado e os planos que conforman a cuberta, con independencia da estrutura portante desta.

En plantas baixo cuberta poderán establecerse os seguintes usos:

- a) Depósitos ou outras instalacións xerais do edificio.
- b) En edificacións de Uso Residencial Multifamiliar permitirase a utilización destes espazos con destino a vivendas independentes das plantas inferiores (sempre que cumpran as condicións que establecen as NHV para este uso en situación baixo cuberta) ou a faiados. Non poderá establecerse, no suposto dos faiados, conexión directa coas vivendas, polo que o acceso aos faiados deberá quedar resolta, exclusivamente, dende as zonas comúns da edificación.
- c) Cando se liguen de forma inseparable a un local da planta inferior, xa sexa como local adicional ou como dobre altura daquel, poderá utilizarse para o uso admitido en dita planta inferior. Poderase admitir o uso de vivenda dúplex, sempre que cumpra as condicións que establecen as NHV para este uso en situación baixo cuberta.

Para efectos do cómputo de edificabilidade total da edificación que se considere, e agás que expresamente se prohiba na zona de ordenanza correspondente, considerarase como superficie edificada computable a superficie baixo cuberta que teña unha altura libre igual ou superior a cento cincuenta (150) centímetros.

En tódolos supostos nos que existan usos habitables, o forxado ou elemento estrutural da cuberta deberá cumprir as condicións de illamento esixidos para fachadas no CTE.

A regulación concreta dos espazos baixo cuberta contéplase en detalle no artigo 4.3.5 desta normativa.”

#### 2.1.6. Modificacións no cadro de compatibilidades do uso industrial.

No que respecta á resolver diversos erros detectados no cadro de compatibilidades de uso industrial a respecto dos niveis de ruído admisibles e a densidade de potencia, será preciso para elo modificar o cadro de compatibilidades do punto 2 do apartado “4.4.11. USO INDUSTRIAL.” da Normativa do PXOM, que queda redactado como segue:

## “CADRO DE COMPATIBILIDADES

CATEGORÍAS	SITUACIÓNS RELATIVAS						
	A	B	C	D	E	F	
1 <sup>a</sup>	75	100					Sup. Máx. (m2)
	5	10					Pot. Máx (Kw)
	0,067	0,10					Dens. de potencia (Kw/m2)
	25	25					Ruído (decibelios)
2 <sup>a</sup>		100	200				S.M.
		25	60				P.M.
		0,25	0,3				D.P.M.
		25	40				R.
3 <sup>a</sup>	120	200	500				S.M.
	30	60	120				P.M.
	0,25	0,30	0,4				D.P.M.
	25	40	50				R.
4 <sup>a</sup>					1.200	S/F(*)	S.M.
					900	S/F	P.M.
					0,75	S/F	D.P.M.
					60	75	R.

(\*) SF= Sen Fixar”

### 2.1.7. Modificacións para resolver diversos erros detectados no cadro resume de usos.

No que respecta á resolver diversos erros detectados no cadro resume de usos a respecto das definicións detalladas do apartado correspondente ao uso dotacional educación, será preciso para elo modificar a definición destas categorías 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> do apartado 5 correspondente ao uso dotacional no cadro de usos do apartado “4.8.7. ESTRUTURA XERAL DE USOS.” da Normativa do PXOM, que queda redactado como segue:

5	DOTACIONAL	EDUCACIÓN	1 <sup>a</sup>	Establecementos con capacidade non maior de 150 persoas e con superficie igual ou menor aos 250 m <sup>2</sup>
			2 <sup>a</sup>	Establecementos con capacidade maior de 150 persoas e con superficie maior aos 250 m <sup>2</sup>

### 2.1.8. Modificacións para actualizar a normativa sectorial de referencia en materia de costas.

No apartado 1.7. da Normativa actualízase, por indicación da Secretaría Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo continua no informe emitido en data 7 de xaneiro de 2015, a normativa sectorial de costas, entendendo eliminada a referencia ao Real Decreto 1471/1989 que aprobaba o Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988 de Costas, que quedou derogado en data 12/10/14, e substituíndose pola norma vixente, o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

## 3 .PARTICIPACIÓN PÚBLICA E INFORMES

A continuación recóllense todos aqueles procesos de consulta e solicitude de informe realizados ata a data de elaboración deste documento:

### 3.1. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTOS ESTABLECIDO PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.

Tal e como se comentou en apartados anteriores desta memoria, o órgano promotor da presente modificación puntual (neste caso o Concello) procedeu a elaborar un documento de inicio no que se definía o alcance e contido da antedita modificación e que lle foi enviado á Consellaría de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas (CMATI) que é o órgano ambiental de referencia, tendo entrada o documento o 31/03/2014.

Como paso previo para tomar a decisión de sometemento ou non da modificación puntual ao procedemento da avaliación ambiental estratéxica (AAE) a consellaría tivo exposto o documento por un prazo de vinte días naturais, tal e como se recolle na seguinte imaxe.

### *Datos do plan ou programa na base de datos*

**Nome** Modificación puntual nº 1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Camariñas

**Tipoloxías** Plan Xeral de Ordenación Municipal

**Código** 1638/2014

**Expediente** 2014AAE1693

**Órgano promotor** Concello de Camariñas

**Data de inicio do período de consulta** 07/04/2014

**Data de remate do período de consulta** 28/04/2014

**Estado:** En curso

#### Documentos

Documento de inicio 31/03/2014

Documento de consultas 07/04/2014

Decisión 05/05/2014

En data 5 de maio de 2014 o órgano ambiental emite un informe no que se acorda “Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE) a Modificación puntual nº:1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no Concello de Camariñas”.

### **3.2. INFORMES DA DEMARCAÇÃO DE COSTAS DO ESTADO EN GALICIA.**

O Concello de Camariñas remitíu o documento da Modificación Puntual Nº 1 do PX.O.M. de Camariñas aprobado inicialmente á Demarcación de Costas do Estado en Galicia, informándose en data 04/03/2015 pola mesma que “as modificacións que se plantexan non afectan de forma directa ás determinacións da Lei de Costas e non suponen unha alteración das condicións establecidas no citado texto legal, sendo, en todo caso, de aplicación as determinacións sectoriais de Costas do Plan Xeral vixente informado favorablemente por esta Dirección Xeral”.

Tras a aprobación provisional da Modificación Puntual en data 21 de maio de 2019, e a súa remisión á Subdirección General de Dominio Público Marítimo Terrestre do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico a mesma emitíu informe en data 11 de febreiro de 2020 no que se sinalaba que se informaba o documento favorablemente, sempre e cando se tivesen en conta as consideracións contidas no mesmo relativas ao borde do litoral. Tales consideracións descríbense e foron recollidas no documento da M.P. do PXOM conforme se expón:

1.- A existencia de tres expedientes de deslinde aprobados e un en tramitación que afectan ao T.M. de Camariñas: DL-128/2-LC, aprobado por O.M. de 24 de marzo de 1999; DL-216-LC, aprobado por O.M. de 25 de febreiro de 2009; DES01/08/15/0004, aprobado por O.M. de 22 de enero de 2010; e o do Porto de Camariñas, en tramitación. A referencia a tales expedientes incluíuse no apartado 1.7. da Memoria de Ordenación como obxetivos complementarios da Modificación Puntual.

2.- Ter presente que os solos afectados polas determinacións da Lei de Costas seguirán tendo as limitacións nela establecidas con respecto a o seu uso e dominio, que non poderán verse alteradas pola Modificación proposta. Tal previsión incluíuse no apartado 1.7. da Memoria de Ordenación como obxectivo complementario da Modificación Puntual.

3.- Na normativa de aplicación, no apartado 1.7 da Memoria de ordenación, mencionase que se procede coa M.P. á actualización das referencias normativas en costas en relación ao Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembro, que quedou derogado polo Regulamento Xeral de Costas aprobado por Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro.

4.- Para as condicións dos peches de parcela en solo rústico, aos que lle é de aplicación a modificación do punto B.3 do apartado “4.2.4. CERRAMENTOS E PECHES DE PARCELA”, sempre que sexan colindantes co dominio público marítimo-terrestre, deberán axustarse ao regulado no artigo 47 do RGC e así deberá sinalarse expresamente na documentación. Así se procedeu a recoller no respectivo apartado 3. do art. 4.2.4, ao que se engadiu a seguinte redacción: “En todo caso,



sempre que tales cerramentos e valados sexan colindantes co dominio público marítimo-terrestre, deberán de axustarse ao regulado no artigo 47 do Regulamento Xeral de Costas”.

### **3.3 INFORME DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CMATI EN MATERIA DE COSTAS DE GALICIA.**

O Concello de Camariñas remitíu o documento da Modificación Puntual Nº 1 do PX.O.M . de Camariñas aprobado inicialmente á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para informe en materia de costas, emitíndose o mesmo en data 07/01/2015 con sentido favorable.

No referido informe sinalábase que a regulación que resulte coas modificacións propostas deberá respetar a normativa básica estatal de costas, sendo que, como xa se expuxo a Demarcación de Costas do Estado en Galicia emitíu ao respecto informe favorable en data 04/03/2015.

Por outra banda, o informe da Secretaría Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo sinalaba que compría actualizar a normativa sectorial de costas no apartado 1.7. da Normativa, tomando a data do informe.

Así pois, a contida no PX.O.M. era a seguinte:

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de AUGAS DE GALICIA
- Real Decreto 1/2001 TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE AUGAS 20/07/2001, coas modificacións do Real Decreto Lei 4/2007.
- Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, REGULAMENTO DEL DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO, coas modificacións dos Reales Decretos 606/2003 de 23 de maio e o 9/2008, de 11 de xaneiro,
- Lei 22/1988 LEI DE COSTAS 28/07/1988, coas modificacións derivadas da STC 149/1991, de 3 de xullo, e as das Leis 53/02,13/03,42/07, e 25/09.
- Real Decreto 1471/1989 REGULAMENTO XERAL PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA LEI 22/1988 DE COSTAS, modificado polo Real Decreto 1112/1992, de 18 de setembro,
- Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da LEI DE PORTOS DO ESTADO E DA MARIÑA MERCANTE”.

Do precitado listado o Real Decreto 1471/1989 quedou derogado en data 12/10/14, atopándose vixente a data 07/01/15, e tamén actualmente, o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas. Por dito motivo, e atendendo ao contido do informe da Secretaría Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo engadiuse esta actualización no contido da M.P Nº 1 do PX.O.M. de Camariñas.

### **3.4 INFORME DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO EN MATERIA DE PAISAXE.**

O Concello de Camariñas remitíu o documento da Modificación Puntual Nº 1 do PX.O.M . de Camariñas aprobado inicialmente ao Instituto de Estudos do Territorio, que en data 15/12/2014 informou favorablemente.

### **3.5. INFORME DE MEDIO RURAL E DE MONTES.**

O Concello de Camariñas remitíu o documento da Modificación Puntual Nº 1 do PX.O.M . de Camariñas aprobado inicialmente á Secretaría Xeral de Medio Rural e de Montes por medio de oficio de data 02/12/14, resxitso de saída de data 03/12/2014, por se dito órgano considerase oportuno a emisión de algún informe, sen que pola mesma se houbera emitido, tendo lugar silencio administrativo.

### **3.6. INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS.**

Remitido o documento da Modificación Puntual Nº 1 do PX.O.M . de Camariñas aprobado inicialmente á Axencia Galega de Infraestructuras(A.X.I.), esta informa desfavorablemente en data 30/01/15 e, posteriormente, tamen desfavorablemente en data 14/12/16.

Así pois, segundo as indicacións da A.X.I. formuladas nos informes precitados, corrixiuse o contido do documento da M.P Nº 1 do PX.O.M., no apartado “2.1.4.Modificacións das condicións dos peches nos núcleos rurais” da M.P Nº 1, relativo á modificación da altura máxima dos elementos cegos dos cerramentos de parcelas con fronte a viarios ou espazos públicos nos núcleos rurais e nas zonas de edificación illada, o cal queda finalmente a 50 cm, tal e coma establecía o punto 8.2 do artigo 4.2.4. da normativa urbanística do PX.O.M., e non a 100 cm como se propuña na M.P.

Dacordo cos cambios realizados, pola A.X.I emitíuse informe en data 20/09/2018 en senso favorable, coa condición de eliminar as referencias á modificación das condicións dos peches en núcleos rurais que seguían a parecer nos apartados 1.5.1 e 1.10, os cales foron eliminados.

### 3.7. INFORME DA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA.

Remitido o documento da Modificación Puntual Nº 1 do PX.O.M. de Camariñas aprobado inicialmente á Deputación de A Coruña, a mesma remite ao Concello oficio de data 13/01/2014 no que se certifica que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o 18/12/2014 aprobouse a emisión de informe favorable á precitada M.P.

### 3.8. MUNICIPIOS LIMÍTROFES.

Por medio dos correspondentes oficios de data 02/12/2014, remitidos con data de saída de rexistro de 03/12/2014, deuse audiencia aos municipios limítrofes de Vimiamzo, Laxe e Muxía, do documento de aprobación inicial da Modificación Puntual Nº 1 do PX.O.M. de Camariñas, sen que polos mesmos se remitise informe ou escrito algún.

### 3.9. INFORMACIÓN PÚBLICA.

O documento da Modificación Puntual Nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Camariñas foi aprobado inicialmente polo Pleno o 28 de novembro de 2014 e publicado no D.O.G. nº 246, de 24 de decembro de 2014, coa apertura dun prazo de información pública de 2 meses, durante o cal non se presentou alegación alguna.

## 4. REQUIRIMENTO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO E INFORMES

En data de 29 de maio de 2020, o Pleno do Concello de Camariñas aproba provisionalmente a Modificación Puntual Nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Camariñas, resultando remitido o documento aprobado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para aprobación definitiva pola súa parte; remitíndose por dito órgano requirimento de documentación de data de 9 de setembro de 2020, o cal resulta debidamente cumprimentado, tendo sido adaptado o presente documento ás Normas Técnicas de Planeamento aprobadas por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data de 10 de outubro de 2019 nos termos establecidos en dito requirimento e solicitados os Informes sectoriais enumerados no citado requirimento, dos cales seguidamente se efectúa resumo das contestacións recibidas:

#### - INFORME DO ÁREA DE FOMENTO DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA:

En data de 2 de decembro de 2020 se emite Informe no que se refire o traslado efectuado a órganos da Administración estatal, sinalando non ter incidencia a Modificación Puntual nas propiedades ou zonas de servidume afectadas á Defensa Nacional, nin no inventario de Bens e Dereitos do Estado, nin existir infraestruturas xestionadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que poidan verse afectadas, nin afectar á Casa do Mar de Camariñas, titularidade da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- INFORME DA SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PLANIFICACIÓN, RED TRANSEUROPEA Y LOGÍSTICA (emitido en virtude de traslado efectuado pola Delegación do Goberno en Galicia sobre a base da Disposición Adicional 2ª da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas):

En data de 5 de outubro de 2020 se emite Informe no que se sinala non resultar afectadas competencias sectoriais do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

- INFORME DA SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PATRIMONIO DO MINISTERIO DE DEFENSA (emitido en virtude de traslado efectuado pola Delegación do Goberno en Galicia sobre a base da Disposición Adicional 2ª da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas):

En data de 12 de novembro de 2020 se emite Informe favorable.

- INFORME DA DIRECCION GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS (emitido en virtude de traslado efectuado pola Delegación do Goberno en Galicia sobre a base da Disposición Adicional 2ª da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas):

En data de 17 de novembro de 2020 se emite Informe no que se transcribe normativa relativa ao sector eléctrico e gasista de aplicación a actuacións a desenvolver sobre infraestruturas eléctricas e de gas determinando, debendo entenderse con carácter favorable.

#### - INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO:

En data de 14 de outubro de 2020 se emite Informe favorable no relativo ás competencias de dito órgano en materia de costas.

#### - INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR:

En data de 19 de outubro de 2020 se emite Informe no que se sinala non resultar necesario someter a Modificación Puntual á Comisión Galega de Protección Civil.

#### - INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL:

En data de 21 de outubro de 2020 se emite Informe favorable.

- INFORME DE AUGAS DE GALICIA:

En data de 29 de outubro de 2020 se emite Informe no que se sinala non resultar afectadas as competencias de dito organismo de conca.

- INFORME DA DIRECCIÓN GENERAL DE TELECOMUNICACIONES Y ORDENACIÓN DE LOS SERVICIOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:

En data de 10 de novembro de 2020 se emite Informe favorable.

- INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO (en materia de solos contaminados):

En data de 8 de novembro de 2021 se remitiu á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático solicitude de emisión de Informe en materia de solos contaminados (de conformidade ao establecido no art. 47.2 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia e art. 70.b) da actualmente vixente Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia), tendo transcurrido o prazo de 3 meses establecido en ditos preceptos, sen terse recibido contestación, polo que o seu sentido debe entenderse favorable, tal e como se establece en tales preceptos.

- INFORME DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (en virtude do artigo 7 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia):

En data 7 de abril de 2022 emitiuse informe favorable. Ao sinalar expresamente que non se formula ningunha obxección á aprobación da modificación puntual nº 1 do PXOM de Camariñas.

Camariñas, 25 de agosto de 2022.

A Alcaldesa

Sandra Insua Rial

2022/5314